



ASISTENTES:

Alba Castro, José Luís
Alberte Pivida, Rodrigo
Albo López, M^a Elena
Alén González, M^a Elisa
Álvarez daCosta, Estrella
Álvarez Álvarez, Ángel
Álvarez Rodríguez, Christian
Anaya Revuelta, Inmaculada
Anciros Pereira, Jaime
Anido Rifón, Luís E.
Arias Sánchez, Pedro
Badaoui Fernández, Aida
Barajas Alonso, Ángel Antonio
Barcia Rodríguez, Ignacio
Barreiro Alonso, Enrique
Barreiro Rodríguez, Rocío
Basalo Domínguez, David
Bergareche Gros, M^a Almudena
Bermejo Arrieta, Natividad
Blanco Pesqueira, Antonia
Bueno Alonso, Jorge Luís
Caballero Rúa, Armando
Cabello Pérez, M^a Paloma
Cabeza Pereiro, Jaime
Calvo Ruibal, Natividad
Cancela Outeda, Celso
Cebro Rodríguez, Xoán M.
Cid Fernández, Xosé Manuel
Cid Rodríguez, Antía
Couto Darriba, Jesús
Currás Valle, M^a Consuelo
Deaño Deaño, Manuel
Del Val García, Jesús
Domínguez Rodríguez, Jonathan
Domínguez Castro, Luís
Enríquez Salido, M^a del Carmen
Estévez Toranzo, Margarita
Estévez Vorkauf, Jacobo Augusto
Expósito González, Benedicta
Falagán Mota, Jorge
Fariza Novoa, María
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Souto, Ana Belén
Fernández Álvarez, Manuel S.
Fernández López, Francisco Javier
Fernández Freijedo, Judit
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Jáuregui, Manuel
Ferro Soto, Carlos
Fraiz Brea, José Antonio
García Fontán, Soledad
García González, Marta
García Camba, Xavier
García Faba, Patricia
García Vázquez, Manuel
Garrido Valenzuela, Irene
Gil Martín, Emilio
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Meire, Silvana
González Cerdeira, Julia
González Pillado, Esther M^a

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 6 de xullo de dous mil once, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O mércores, día **6 de xullo de 2011**, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2010.
2. Informe do Reitor.
3. Elección do Defensor Universitario ou Defensora Universitaria e dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
 - Sector profesorado doutor con vinculación permanente: 2
 - Sector resto do persoal docente e investigador: 2
 - Sector estudantes: 2
 - Sector PAS: 2
4. Elección dos seguintes postos vacantes no Consello de Goberno:
 - Sector decanos-as/directores-as: 3 vacantes.
5. Presentación e debate da proposta de incluír na contía das pagas extraordinarias do PDI funcionario e laboral da Universidade de Vigo a compoñente do complemento específico polo desenvolvemento de cargo académico e a compoñente do mesmo complemento por mérito docente.
6. Aprobación, se procede, da proposta de creación do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade.
7. Rogos e preguntas.

González Piñeiro, Luís
 González Hernández, Margarita
 González Piñeiro, Patricia
 Grande Seara, Pablo
 Graña Rodríguez, Ana M^a.
 Gutiérrez Sánchez, Águeda
 Hernández Martín, Primo
 Iglesias Briones, María Jesús
 Lameiras Fernández, María
 Llamas Nistal, Martín
 Loeck Hernández, Juan
 Longo González, M^a Asunción
 Lorenzo Cimadevila, Henrique
 Lorenzo Farrapeira, Julián
 Loveira Pazó, Rosa M^a
 Martínez Piñeiro, Manuel
 Mato de la Iglesia, Salustiano
 Meana Martínez, Juan Carlos
 Mejías Sacaluga, Ana M^a
 Mojón Ojea, Artemio
 Mollinedo Lois, Carlos
 Morán González, Jorge Carlos
 Morán Martínez, M^a Paloma
 Moure Rodríguez, M^a José
 Moure Varela, Andrés
 Muñoz López, Luís
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Novo Ramos, Bernardino
 Núñez Riveiro, Miriam
 Orge Álvarez, Beatriz P.
 Pajares Domínguez, Sergio
 Paz Domonte, Enrique
 Paz López, José
 Pazó Martínez, M^a Consuelo
 Peleteiro Salgado, José
 Pereira Domínguez, Alejandro
 Pérez Cota, Manuel
 Pérez Rodríguez, M^a Rosa
 Pérez Lorenzo, Moisés
 Pino Juste, Margarita R.
 Prada Rodríguez, Julio
 Puga Alonso, Javier
 Quintás Corredoira, M^a Angeles
 Rama Martínez, Esperanza
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey Losada, Francisco Jesús
 Ríos Santomé, María José
 Rivero Fernández, M^a Dolores
 Rodríguez Méndez, Miguel E.
 Rodríguez de Prado, Francisco
 Rubiños López, José Óscar
 Ruzicka Kenfel, Veljka
 Sánchez Bello, Patricio Alfredo
 Sánchez Gálvez, Estevo
 Sánchez Otero, Nuria
 Sieiro Vázquez, M^a del Carmen
 Silveira Valledor, Manuel
 Siota Álvarez, Mónica
 Soto Carballo, Jorge G.
 Soto Andión, Xosé
 Soutelo Soliño, Carlos
 Surís Regueiro, Juan Carlos
 Terol Martín, Irene
 Tranchero Castro, Miguel Ángel
 Trillo Yáñez, María Cristina
 Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
 Vallejo Pousada, Rafael
 Vaquero Díaz, M^a Beatriz
 Varela Martínez, Iago
 Vázquez Dorrió, José Benito

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2010.

O reitor dá a palabra á secretaria xeral quen dá lectura ás alegacións formuladas ao acta:

- O Prof. Alfonso Lago Ferreiro manifesta que non se consignou o seguinte rogo que fixo, “*que se revisase a programación da plataforma de Secretaría Virtual, pois aparecen diversos erros como: a) Cando se solicita unha estatística dunha materia, na pestana aparece o logo da USC; e b) Cando se accede ao POD para o vindeiro curso, aparece o Campus da Coruña como campus pertencente á Universidade de Vigo.*”

- Igualmente, o Prof. Luís González Piñeiro solicita que se corrixa un erro no punto 3, páxina 13, na súa frase final: “*Pronunciáronse en contra da denominación de Escola de Enxeñaría Industrial 6 persoas*”. Debe dicir: *Enxeñaría*.

Apróbase a acta coa abstención da Prof. María do Carmo Enriquez.

Punto 2. Informe do Reitor.

O reitor procede a informar sobre os feitos máis sobresaíntes dos últimos 6 meses. O informe céntrase en catro puntos:

1. Centros e titulacións.

Sinala que nestes últimos meses tense producido o cambio formal de denominación da Facultade de Fisioterapia, da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, da Escola de Enxeñaría Forestal e da Escola de Enxeñaría Industrial. Neste último centro constituíuse a nova xunta de escola que agrupa as dúas sedes; foi elixido o novo director, o profesor Juan Pou Saracho. No seo do Consello Galego de Universidades púxose freo á iniciativa da USC de ofrecer un máster en Enxeñaría Informática, e acadouse tamén un acordo para non continuar co máster en Enxeñaría Industrial que se impartiu este ano na USC. Tamén no Consello Galego de Universidades deuse o visto bo ao proxecto de decreto polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais

Vázquez López, Ezequiel M.

Vera Isasa, María

Vidal Vázquez, Ricardo

Vidal Rodríguez, Saleta

Vila Alonso, M^a de las Mercedes

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Carballo González, Angeles

De Lorenzo Rodríguez, M^a Edita

De Oca Cancela, Guillermo

Diz Ferreiro, Paula

Doval Ruíz, María Isabel

Gutiérrez Nieto, Manuel

Iglesias Graña, Santiago

Lago Ferreiro, Alfonso

Lorenzo García, M^a Lourdes

Mena Rodríguez, Ángel

Nieto Faza, Olalla

Pérez Seoane, Jesús

Pose Blanco, José

Romo Pérez, Vicente

Valdés Peña, M^a Dolores

na Comunidade Autónoma de Galicia. O día 1 de xullo rematou o prazo de exposición pública e continúan os trámites para a súa aprobación. Na súa versión actual establece os criterios para as novas titulacións a implantar. Os novos graos poderán implantarse a partir do curso 2013-14. Respecto dos actuais, as condicións serán de aplicación a partir do curso 2015-16.

2. Estatuto do PDI.

Trala aprobación no Consello de Universidades, incorporando unha parte das suxerencias das universidades, o borrador continúa os trámites.

3. Campus do Mar.

O venres 1 de abril tivo lugar a primeira xuntanza do Consello Reitor do Campus do Mar coa presenza dos reitores da USC e a UdC, o presidente do CSIC e o director do IEO. Nesta xuntanza acordouse nomear ao equipo de dirección. Baixo a dirección de Emilio Fernández acordouse establecer cinco áreas e unha secretaría técnica:

- O profesor do CSIC D. Francisco Gómez Figueras, será o responsable da Área de Investigación.
- D. Luís Fernández, da Universidade da Coruña, coordinará a Área de Transferencia.
- D. Alberto González Garcés, conselleiro técnico do IEO, encargarse da Área de Internacionalización.
- Dna. Elsa Vázquez, que fora vicerreitora de Investigación da Universidade de Vigo, dirixirá a Área de Captación de Talento.
- D. Victoriano Urgorri representará á Universidade de Santiago ao fronte da Área de Proxección Social e Cultura Científica.

Xunto con eles, con voz pero sen voto neste equipo directivo, a vicexerente de Internacionalización da Universidade de Vigo, Regina Carreira, será a directora da Área de Xestión.

No mes de abril presentouse o Campus do Mar en Bruxelas por invitación oficial, tras a reunión mantida entre o reitor e o director da DG Mare. A presentación tivo lugar na Dirección Xeral do Mar e Investigación da Unión Europea, diante de medio cento de técnicos, que teñen como unha das súas responsabilidades a avaliación de proxectos que inciden directamente en accións cunha forte implicación investigadora. A presentación realizouna Ernesto Penas Lado, director de Políticas de Desenvolvemento e Coordinación da Dirección Xeral para Asuntos Marítimos e

Pesqueirías. Asistiron ademáis o vicerreitor de Relacións Internacionais, a vicexerenta de Internacionalización e Ricardo Capela Pueyo, director xeral de I+D+i da Xunta de Galicia.

O reitor dá conta que durante esta visita a Bruxelas producíronse outras xuntanzas: con José Manuel Silva, ex-director xeral de I+D+i da Unión Europea e actual director xeral de Agricultura; con Antonio García Gómez, Xestor de Programas de I+D+i para España da Dirección Xeral de Política Rexional; con Pablo Amor, director do Departamento de Xestión de Axudas, ERCEA (Axencia Executiva do Consello Europeo de Investigación); con José Manuel Labastida, xefe do Departamento de Xestión Científica, ERCEA; con Milagres Candea, conselleira coordinadora de Ciencia e Innovación; coa Representación Permanente de España ante a Unión Europea; e con María González-Encinar, directora do Instituto Cervantes en Bruxelas. Tamén tivo lugar unha conferencia sobre o Campus do Mar no Instituto Cervantes, na que somos presentados de novo por Ernesto Penas e pola directora do Instituto Cervantes. Ademáis producíronse outras xuntanzas nas que participaron o vicerreitor de Relacións Internacionais, a vicexerenta de Internacionalización e o director do Campus do Mar.

O equipo directivo xa achegou o plan de actividades 2011-12, que xa foi aprobado polo Ministerio de Educación. Nestes momentos estanse a constituír as comisións executivas en cada área (investigación, transferencia, captación de talento, e internacionalización) e proximamente nomearanse os coordinadores de cada clúster.

Tamén no mes de xuño foron nomeados os catro ex-reitores da Universidade de Vigo como delegados no Campus do Mar. Luís Espada ccuparase da proxección social, Jose Antonio Rodríguez de captación de talento, Domingo Docampo do campus dixital e Alberto Gago de cooperación.

O Ministerio de Educación vén de conceder ao Campus do Mar unha subvención de 717.231 euros do Subprograma de Fortalecemento de Campus de Excelencia Internacional.

4. Matrícula.

No Consello Galego de Universidades tratouse tamén o incremento mínimo dos prezos de matrícula e acordouse unha valoración única dos expedientes académicos no Sistema Universitario de Galicia.

Polo que respecta ao Consello Galego de Universidades na súa reunión de 29/12/10, acordou:

- Reformulación da CIUG.
- Cambio nas probas de acceso para xullo.
- A aprobación dos cambios de denominación dos centros: fisioterapia, telecomunicacións, forestais e industriais.
- Respecto ao Máster de Enxeñería Industrial, o reitor da USC pide un prazo ata o seguinte Consello Galego de Universidades para facer unha proposta.

Polo que respecta aos acordos alcanzados no Consejo de Universidades:

- Adhesión á rede CEI das universidades seleccionadas como Campus de Excelencia Internacional.
- Borrador do Estatuto do PDI: alegacións ata marzo.
- Estatuto do Estudante: no vindeiro Consello de Goberno haberá que escoller un representante no Consello do Estudante Universitario do Estado.

Punto 3. Elección do Defensor Universitario ou Defensora Universitaria e dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

- Sector profesorado doutor con vinculación permanente: 2
- Sector resto do persoal docente e investigador: 2
- Sector estudantes: 2
- Sector PAS: 2

O reitor toma a palabra para informar sobre o marco normativo que regula a elección de membros ao Tribunal de Garantías. Sinala que, segundo o disposto non artigo 143 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Tribunal de Garantías, composto por 9 membros, será elixido polo Claustro entre todos os membros da comunidade universitaria.

- Sector profesorado doutor con vinculación permanente: 2
- Sector resto do persoal docente e investigador: 2
- Sector estudantes: 2
- Sector PAS: 2

No parágrafo tres do mesmo artigo, establécese que os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente, no caso da defensora ou defensor universitario a maioría de 2/3 precisarase entre os claustrais asistentes á sesión.

O reitor di que se presentaron as seguintes candidaturas:

Para o posto de Defensor Universitario:

- D. Argimiro Rojo Salgado, Catedrático de Ciencia Política e da Administración da Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais.

Para representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria no Tribunal de Garantías:

Sector profesorado doutor con vinculación permanente á universidade:

- D. Roberto Ignacio Fernández López, Prof. Titular de Universidade da Fac. de Dereito.
- D. José Rúas Araújo, Prof. Titular de Universidade da Fac. de Ciencias Sociais e da Comunicación.
- D. Pablo Bonorino Ramírez, Prof. Titular de Universidade da Fac. de Dereito.

Sector Outro Persoal Docente e Investigador:

- D^a. Rosa M^a. Ricoy Casas, Prof^a. Asociada da Fac. de Ciencias Sociais e da Comunicación.
- D^a. Teresa Mourín González, Prof^a. Asociada da Fac. de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Sector Estudantes:

- D. José Anxo Álvarez Moreira (Fac. de CC. Económicas e Empresariais).
- D. José David Díaz Vázquez (Fac. de CC. Económicas e Empresariais).
- D. Jonathan Domínguez Rodríguez (Fac. de Dereito).
- D. Javier Puga Alonso (E.T.S. de Enxeñaría de Minas).
- D. Estevo Sánchez Gálvez (Fac. de CC. Económicas e Empresariais)
- D. Manuel Silveira Valledor (Escola de Enxeñaría Industrial)

Sector PAS:

- D. Guillermo de Oca Cancela (Escola de Enxeñaría Industrial).
- D. Ana Belén Martínez Piñeiro (Biblioteca Central).

O reitor informa que, a pesar de que se presentou unha soa candidatura para ocupar o posto de Defensor Universitario, é preciso celebrar votacións, xa que o candidato ten que obter 2/3 dos votos dos claustrais presentes.

Hai 3 candidatos no sector PDI doutor con vinculación permanente, 2 candidatos no sector restante PDI, 6 candidatos no sector Estudantes e 2 candidatos no sector PAS. Para poder ser elixido representante de cada sector os candidatos deberán obter 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector.

A continuación, o reitor informa do procedemento a seguir na celebración das votacións:

Haberá 5 urnas: 2 para o PDI doutor con vinculación permanente (unha da letra A ata o G e outra da H ata o Z), 1 para o resto do PDI, 1 para estudantes e 1 para o PAS.

Cada claustal deberá depositar o seu voto na urna correspondente e deberá acreditar a súa identidade coa tarxeta universitaria, o DNI o calquera outro documento acreditativo.

Procederáse ao mesmo tempo á votación do Defensor Universitario e a dos representantes de cada un dos sectores. A papeleta do Defensor Universitario é de cor branco; a papeleta do sector PDI doutor con vinculación permanente é de cor amarelo; a papeleta do sector restante PDI é de cor azul; a papeleta de Estudantes é de cor rosa; e a papeleta do PAS é de cor verde.

Na elección do Defensor Universitario, cada elector só poderá votar a un candidato. Na elección dos representantes dos distintos sectores, cada elector só poderá votar a 2 candidatos.

Intervén o señor Estevo Sánchez para rogar a ampliación do tempo para realizar a votación, que se poda facer simultaneamente coa elección dos postos vacantes de Consello de Goberno, que as urnas estean abertas mentras dura o Claustro e que se proceda ao reconto cando se finalice a orde do día. A Mesa aorda proceder á votación como solicita o señor Estevo Sánchez .

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para facer valoracións sobre a dilatada traxectoria de D. Luís Espada como Presidente do Tribunal de Garantías, e para anunciar o seu apoio á candidatura do Prof. Luís Argimiro Rojo. Na súa opinión tratase dunha persoa coñecida que representa ben a imparcialidade e a defensa dos valores fundamentais.

O reitor toma a palabra para agradecer publicamente a xestión realizada ao presidente saínte, D. Luís Espada, e o seu labor e entrega ao o resto dos membros do Tribunal.

Finalizada a votación e o reconto de votos pola Mesa do Claustro, a secretaria xeral le os resultados:

Para Defensor Universitario requírese un mínimo de 88. Foron emitidos 122 votos: polo sector PAS 14 votos; polo sector estudantes 16 votos; e polo sector PDI-A 83 votos. Polo sector PDI-B 9 votos

Sector profesorado doutor con vinculación permanente á universidade (mínimo 59 votos a favor):

- D. Roberto Ignacio Fernández López (Prof. Titular de Universidade da Fac. de Dereito): 48 votos.
- D. José Rúas Araújo (Prof. Titular de Universidade da Fac. de Ciencias Sociais e da Comunicación): 63 votos.
- D. Pablo Bonorino Ramírez (Prof. Titular de Universidade dá Fac. de Dereito): 6 votos.

Sector Outro Persoal Docente e Investigador (mínimo 8):

- Dna. Rosa M^a. Ricoy Casas (Prof^a. Asociada da Fac. de Ciencias Sociais e da Comunicación): 5 votos.
- Dna. Teresa Mourín González (Prof^a. Asociada da Fac. de Ciencias Xurídicas e do Traballo): 8 votos.

Sector Estudantes (mínimo 12):

- D. José Anxo Álvarez Moreira (Fac. de CC. Económicas e Empresariais): 0 votos.
- D. José David Díaz Vázquez (Fac. de CC. Económicas e Empresariais): 1 voto.
- D. Jonathan Domínguez Rodríguez (Fac. de Dereito): 8 votos.
- D. Javier Puga Alonso (E.T.S. de Enxeñaría de Minas): 10 votos.
- D. Estevo Sánchez Gálvez (Fac. de CC. Económicas e Empresariais): 5 votos.
- D. Manuel Silveira Valledor (Escola de Enxeñaría Industrial): 4 votos.

Sector PAS (mínimo 9):

- D. Guillermo de Oca Cancela (Escola de Enxeñaría Industrial): 14 votos.
- D. Ana Belén Martínez Piñeiro (Biblioteca Central): 12.

Trala lectura dos resultados o Tribunal de Garantías quedaría contituido por:

- D. Argimiro Rojo Salgado
- D. Jose Rúas Araújo
- Dna. Teresa Mourín González
- D. Guillermo de Oca Cancela
- Dna. Ana Belén Martínez Piñeiro

A secretaria xeral sinala que as votacións deixaron sen representantes ao sector dos estudantes ao non alcanzar os mínimos requiridos pola normativa.

O reitor felicita aos novos membros do Tribunal de Garantías e especialmente ao seu presidente.

Punto 4. Elección dos seguintes postos vacantes no Consello de Goberno:

- Sector decanos-as/directores-as: 3 vacantes.

O reitor informa que no Consello de Goberno hai 3 vacantes polo sector decanos-as/directores-as.

O reitor informa que aberto o período de presentación de candidaturas presentáronse as seguintes:

- D. Jaime Cabeza Pereiro, Catedrático de Universidade da Fac. de CC. XX. e do Traballo.
- Dna. Soledad García Fontán, Prof^a. Titular da Fac. de Química.
- Dna. María Rosa Pérez Rodríguez, Prof^a. Titular da Fac. de Filoloxía e Tradución.
- D. Juan M^a. Pou Saracho, Catedrático de Universidade da Escola de Enxeñaría Industrial.

O reitor informa que hai 4 candidatos para 3 postos, polo que é necesario celebrar eleccións. A continuación informa do procedemento da elección e que as papeletas son de cor branco e cada un dos claustrais deberá depositar o seu voto na urna correspondente.

Finalizada a votación e o recuento de votos pola Mesa do Claustro, a secretaria xeral le os resultados:

- Prof. Juan Pou Saracho 64 votos. Por sectores: PDI-A 49; PDI-B 6; PAS 8; e estudantes 3.
- Prof. Jaime Cabeza 41 votos. Por sectores: PDI-A 32; PDI-B 4; PAS 4; e estudantes 1.
- Prof^a. Soledad García 58 votos. Por sectores: PDI-A 45; PDI-B 3; PAS 5; e estudantes 5.
- Prf^a Rosa Pérez 18 votos. Por sectores: PDI-A 11; PDI-B 1; PAS 3; e estudantes 3.

Punto 5. Presentación e debate da proposta de incluír na contía das pagas extraordinarias do PDI funcionario e laboral da Universidade de Vigo a compoñente do complemento específico polo desenvolvemento de cargo académico e a compoñente do mesmo complemento por mérito docente.

Toma a palabra o reitor para dicir que con datas de 1/12/2010 e de 12/12/2010 depositouse no rexistro da Universidade unha petición asinada por varios claustrais da Universidade de Vigo que, en aplicación do art. 13.2 do vixente Regulamento do Claustro, solicitan a inclusión dun punto na orde do día co seguinte texto: “Aprobación, se procede, da seguinte resolución: incluír na contía das pagas extraordinarias do PDI funcionario e laboral da Universidade de Vigo da compoñente do

complemento específico polo desenvolvemento do cargo académico e da compoñente do mesmo complemento por mérito docente.”

O reitor informa que, recibida a petición, desde a Secretaría Xeral se procedeu a solicitar un informe xurídico sobre se o Claustro é ou non competente para a aprobación da modificación retributiva, consistente en incluír na contía das pagas extraordinarias do PDI funcionario e laboral da Universidade de Vigo os compoñentes de complemento específico polo desenvolvemento de cargo académico e méritos docentes. Expón, que o informe da Asesoría Xurídica, tras o estudo da normativa contida na LOU, conclúe que a modificación das contías das retribucións debe ser contemplada no estado de gastos dos orzamentos da Universidade e ser aprobadas polo Consello Social, ademais de ser autorizadas pola Comunidade Autónoma, polo que non lle corresponde ao Claustro adoptar o acordo para aprobar devandita modificación.

O reitor continúa dicindo que, a pesar de que o informe da Asesoría Xurídica expresa a imposibilidade de aprobar resolucións que non son da súa competencia (art. 3.1 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro), a súa vontade foi abordalo neste órgano no marco que lle permite o art. 35.i dos Estatutos, xa que o precepto, aínda que non autoriza a adoptar resolucións ou acordos, se permite a “formulación de propostas ou recomendacións xerais”. O reitor avoga por, se hai firmas e a xente quere falar, debater no Claustro, porque é o máximo órgano de expresión e participación política.

Tras unha pequena deliberación e de acordo co art. 16 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro, a Mesa do Claustro acorda outorgar a quenda de palabra aos asinantes por espazo de 15 minutos e as réplicas posteriores de 5 minutos.

O reitor cede a palabra en primeiro lugar ao Prof. Jorge Falagan, quen comeza por agradecer ao reitor a oportunidade de realizar o debate no Claustro pese ao informe en contra da Asesoría Xurídica:

Comeza por expor, a modo de antecedente, o acordo da Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, sobre medidas retributivas e de oferta de emprego público para os anos 2006/2009. Expón que este acordo, no seu apartado 2, recolle o incremento das pagas extraordinarias e aborda o obxectivo de incluír nas pagas extras o 100% do complemento específico, e que o anteproxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado de cada ano de vixencia do acordo incluíría a previsión dun incremento do 1% da masa salarial destinado a eses fins. Prosegue a súa intervención dicindo que, desde finais do ano 2009, todos os empregados públicos, incluídos profesores, cobran nas pagas extraordinarias o 100% do complemento específico menos os profesores da Universidade de Vigo, e reconece que o mesmo sucede noutras universidades. Expresa que non era o seu desexo xudicializar as reclamacións, pero que o tiveron que facer, e que neste momento os procedementos xudiciais seguen o seu curso. Continúa expondo as cantidades que, en concepto de complemento específico mensual, deberían recibir os funcionarios desde 2009; idénticas consideracións realiza respecto ao colectivo de PDI laboral. Sinala, que o II Convenio Colectivo das Universidades de Galicia recolle no seu art. 30 que o PDI laboral percibirá as pagas adicionais de complemento específico nos mesmos termos que se determinen para o PDI funcionario, considera que o mesmo debe ocorrer para o período 2007-2010. O Prof. Falagan conclúe que a Universidade de Vigo incumpre respecto ao PDI laboral o acordo, xa que non inclúe nas pagas extraordinarias o 100% do total do complemento específico. A Universidade de Vigo só

abona, desde a paga de decembro de 2009, o 100% do compoñente xeral do complemento específico ao PDI.

Respecto ao compromiso de se realizou a dotación do 1% da masa salarial, sinala que a Universidade de Vigo cumpriu con esta parte do acordo, xa que realiza as dotacións adicionais do 1% da súa masa salarial entre os anos 2007 e 2009 para cumprir os artigos da LPGE que teñen carácter básico. Procede a ler as cifras descritas nas táboas I e II do seu informe, nas que se recollen as dotacións da Universidade de Vigo para cumprir as LPGE de 2007, 2008 e 2009. Sinala, que a cantidade gastada supón un 49,36% da dotación realizada e a non gastada transferiuse a remanentes de libre disposición. A súa seguinte pregunta é se se produciu a negociación no ámbito territorial da distribución do 1% entre 2007 e 2009. Informa que se lle aplicou o acordo ao PAS, pero que non sucede o mesmo no que respecta ao PDI, pois existe un conflito entre a postura da Universidade de Vigo e a da Administración Xeral do Estado. Informa, que a postura da Uvigo é que é o Goberno do Estado Español o que ten a competencia para regular a aplicación ao PDI da Universidade de Vigo o disposto nos arts. 21.4, 22.2 e 22.3 da LPGE para 2007, 2008 e 2009. Critica que a súa decisión se fundamente nun informe externo, do que cuestiona a súa independencia.

Con distintos argumentos, o Prof. Jorge Falagan expón que a Universidade de Vigo pode afrontar legal e economicamente este pago do mesmo xeito que fixeron outras universidades españolas. Finaliza a súa intervención solicitando unha moción para que se vote no Claustro; a que se inste ao reitor a que se pague o 100% dos compoñentes por mérito docente e cargo desde o ano 2010 para o PDI funcionario e desde 2011 para o PDI laboral.

Non se someteu a votación.

A continuación, o reitor cede a palabra ao xerente, quen comeza a súa intervención expondo que, na súa opinión, a pretensión do Prof. Falagan e doutros asinantes non se axusta a dereito polas razóns que exporá seguidamente; que, no entanto, ao longo dos últimos meses se tiveron diferentes reunións co Prof. Falagan e outros membros da comunidade universitaria para recoller a súas inqedanzas e trasladarlles a postura da Universidade. Que se remitiu toda a información dispoñible, pero que aprecia certa confusión na súa valoración.

O xerente di que parte da premisa de que a Universidade é unha administración pública cuxa actuación está sometida a pautas normativas e non a opinións, e que, en consecuencia, as súas pautas de actuación deben aterse ao establecido no art. 69 da LOU, o cal establece que o Goberno determinará o réxime retributivo do persoal docente e investigador universitario pertencente aos corpos de funcionarios. Dito réxime será o establecido pola lexislación xeral de funcionarios, adecuado especificamente ás características de devandito persoal.

Informa que a postura da Universidade de Vigo, rexeitando a pretensión de recoñecemento e abono de complementos específicos, foi referendada polos tribunais. Para ese efecto, o xerente dá conta das diversas sentenzas recaídas en Galicia fronte ás reclamacións interpostas nas xurisdicións laboral e contencioso-administrativa para o cobro do complemento específico integro das pagas extraordinarias que se reclamaron nos anos 2007, 2008 e 2009. Cita as datas das diversas sentenzas e, en concreto, as dúas últimas sentenzas núm. 95 e núm. 109, recaídas no xulgado contencioso-administrativo núm. 1 de Vigo, ambas de data de 23 de febreiro de 2011. Aclara que, aínda que coñece que algunhas están en fase de recurso de apelación, o certo é que en primeira instancia todas foron desestimatorias das pretensións dos demandantes, recoñecendo que o criterio adoptado pola

Universidade de Vigo se axustaba á normativa legal. En todas as sentenzas faise referencia a que o réxime retributivo do profesorado universitario, segundo o art. 69 da Lei Orgánica 6/2001, incumbe ao Goberno, quen mediante acordo do Consello de Ministros, correspóndelle aplicar as previsións das Leis de Orzamento para o persoal docente universitario, non ás universidades, as cales non teñen competencia para iso. Que as universidades, á hora das retribucións, han de aterse ao principio de legalidade orzamentaria.

Continúa dando conta do establecido no Real Decreto Lei 8/2010 de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para reducir o déficit público, que, entre outras disposicións, reduce a masa salarial do sector público nun 5% en termos anuais. Que posteriormente se publica a Resolución da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos, que contén as instrucións para a confección de nóminas. Dita resolución contén un erro no Anexo VII, xa que contempla o pago íntegro do complemento específico nas pagas extraordinarias, que é contrario ao indicado no texto da resolución e ao obxectivo do Real decreto ley 8/2010; non se poden baixar os salarios dos traballadores públicos e por esa vía incrementar o do PDI.

O xerente informa que a Universidade de Vigo se dirixiu en dúas ocasións, con datas de 10-6-2010 e 17-11-2010, á Dirección General de Costes de Personal do Ministerio de Hacienda, solicitándolle unha aclaración sobre o contido do Anexo VII da mencionada resolución.

O xerente informa que se recibiu un correo electrónico de data 14-06-2010 no que, desde o Ministerio de Economía y Hacienda, se recoñece que se produciu un erro material no Anexo VII da Resolución de 25 de maio de 2010 da Secretaría de Hacienda de Presupuestos, e indica que en ningún momento se poderá entender como recoñecemento de dereitos, aqueles que no foran establecidos previamente na normativa correspondente ou nas sucesivas leis orzamentarias. Que con data de 17-11-2010, desde a Xerencia se solicitou explicitar por escrito o indicado por correo electrónico; que foi contestado polo mesma Dirección General de Costes de Personal con data 13-12-2010. No escrito, reitérase o indicado anteriormente, que non procede o abono das pagas adicionais que se conteñen nos Anexos VII e VIII da Resolución de 25-05-2010, porque non se axustan á normativa que resultaría de aplicación ao persoal docente das universidades.

O xerente expón que, desde unha perspectiva de interpretación lóxica, o Real Decreto Ley de 20 de maio de 2010, ten a finalidade que indica no seu propio título, e é abordar medidas extraordinarias para a redución do déficit público: entre as que está diminuír os gastos de persoal e minguar a masa salarial no sector público nun 5% en termos anuais. O obxectivo perseguido é radicalmente contradictorio co recoñecemento dunha subida. Engade, que con data de 7-01-2011 se publica na páxina web do Ministerio de Economía y Hacienda o documento “Retribuciones 2011 del Sector Público Estatal”. O xerente chama a atención sobre que a orden de confección de nóminas de 2011 fose publicada na web e non fose publicada no BOE (exemplo do valor normativo da orden). Sinala, que dito documento recupera o contido do publicado no 2010, non recollendo os erros cometidos na publicación de 25 de maio de 2010.

Para rematar, o xerente engade que se pediu un informe xurídico externo; que se facilitou ao Prof. Falagan e outros membros do colectivo demandante, e que dito informe reforza a postura mantida pola Universidade.

Finaliza a súa exposición dicindo: que a Universidade de Vigo se debe guiar no seu proceder polos principios de prudencia na xestión de recursos públicos e seguridade xurídica; que pretendeu

coa súa exposición, transmitir claramente á comunidade universitaria a información da que dispón, evitando toda sorte de artificios.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Manuel Ramos Cabrer para dicir que o debate non é se as universidades están obrigadas a pagar ou non, senón se a Universidade quere pagar ou non, e que se trata de cumprir cun compromiso. Di que unha porcentaxe nada desdeñable de universidades pagan o reclamado a conta, insta ao equipo reitoral a porse en contacto con outras universidades para que lle expliquen como puideron facelo.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que se trata dun incumprimento do compromiso electoral que figura no programa de Alternativa Universitaria. Que a campaña e as votacións coincidiron coa publicación do Real Decreto Lei de 25 de maio de 2010, que o reitor debeu asesorarse suficientemente antes de anunciar medidas que agora non ten vontade de cumprir tal como o pago íntegro das pagas e a xubilación anticipada.

Intervén o Sr. Xan Cebro para recordar o contido da última reunión da Mesa Sectorial de Negociación de Universidades de Galicia, na que non se discutiu se era legal ou non, senón como se tiña que pagar. Recorda que a anterior xerente se comprometeu expresamente a pagar integramente a conta as pagas extras.

Intervén a Prof^a María do Carmo Henriques para expresar que subscribe todas as palabras expresadas polos claustrais que lle precederon no uso da palabra, manifesta que espera a benevolencia e interese do reitor por este tema, e que, aínda que estamos nunha situación económica difícil, aconsella que se supriman gastos, recorda co uso do aforismo latino *pacta sunt servanda* que os pactos hai que observarlos.

Intervén o Prof. Jorge Falagan para expor que a resposta da Dirección General de Costes de Personal di que a resolución sobre a que fai a consulta a Universidade de Vigo, non é de aplicación directa ao PDI das universidades transferidas, porque só é vinculante para o PDI da UNED e non é vinculante para ningunha administración pública; que o informe xurídico encargado pola Universidade de Vigo a un avogado externo contén varias inexactitudes. Tamén pregunta como afrontaron a situación retributiva as universidades de Sevilla e Salamanca. Continúa expondo o seu compromiso de explicar persoalmente e en detalle á comunidade universitaria as dúas posturas en conflito, animando ao xerente a que lle acompañe. Para rematar, esixe un informe económico que clarifique o desembolso que tería que facer a Universidade de Vigo para o pago dos complementos reclamados e se o importe da reclamación superaría o 1% da masa salarial.

Intervén o Sr. Federico Fernández para dicir que a CIG xa se manifestou no seu momento nun Consello de Goberno a favor do pago íntegro das pagas. Que na aprobación dos últimos orzamentos se pronunciou pola aprobación dunha dotación específica, pero que debe tratarse dunha medida que redunde en beneficio de todos.

O reitor concede a quenda de réplica ao xerente quen, en resposta á intervencións do Prof. Ramos Cabrer, cita os fundamentos xurídicos e o fallo da sentenza do xulgado contencioso-administrativo núm. 1 de Vigo, de data 23 de febreiro de 2010. O xerente recórdalle que a sentenza é recaída fronte á reclamación interposta por un elevado número de profesores da

UVigo, entre os que se atopa o Prof. Ramos Cabrer e outros claustrais, que tamén interviñeron no debate. O xerente procede a dar lectura á sentenza que recolle o que segue: as instrucións da Secretaria de Estado y Presupuestos, en relación coas nóminas, non incorporan o incremento do complemento específico do persoal docente, pois previamente precisábase dun axuste nos distintos compoñentes por parte do Consello de Ministros ou por real decreto. Aínda que só se ditaron por parte do Goberno normas específicas respecto do persoal docente pertencente á UNED, tamén haberá de proceder do mesmo xeito en relación a resto de persoal comprendido dentro do ámbito subxectivo da Lei Orgánica 6 /2001 de Universidades e do Real Decreto 1086 de 28 de setembro. Neste sentido, tampouco é competencia da Comunidade Autónoma galega a concreción dese complemento e a determinación da súa concreción económica. Conclúe a sentenza que nesta tesitura a Universidade de Vigo carece de competencia para regular abonar os diferentes compoñente do complemento. Solicita que o igual que os solicitantes remitiron a comunidade universitaria outra documentación e en aras a claridade, remitan tamén esta sentenza para que a comunidade coñeza a situación o completo e se poida formar opinión tendo en conta todos os datos e puntos de vista.

Engade o xerente que é o seu deber, en aras do principio de legalidade, non incorrer en procedementos torpes que se enfronten á legalidade orzamentaria.

O xerente responde ao Sr. Xan Cebro que se produciu un cambio na Xerencia e que non pode dar conta do que se discutiu nunha mesa sectorial na que non participou; que, en materia de retribucións, só pode subscribir acordos que xurdan do Consejo de Ministros, do Consello de Goberno e dos organismos pertinentes.

O xerente contesta ao Prof. Jorge Falagan dicindo: que non pode subscribir o que fan outras universidades, xa que os supostos son moi distintos; que son moitas nas que as reclamacións están sendo xudicializadas; e que aquelas que decidiran pagar unilateralmente os complementos corren o risco de enfrontarse á súa devolución. Le un fragmento dunha sentenza relativa á Universidade Complutense. Tamén lle recorda, que o informe externo solicitado pola universidade non e un informe de parte, que na súa formulación e expresión, o informante procedeu con total autonomía, a diferenza do facilitado polo Prof. Falagan, que foi elaborado polo mesmo bufete que representa aos solicitantes no procedemento seguido diante do xulgado. Por último, o xerente informa ao mesmo profesor, que a súas tarefas lle impiden dispor do tempo preciso para explicar un por un a cada membro da comunidade universitaria a situación.

Intervén o Sr. Xan Cebro para dicir: que no mes de marzo de 2009, cando tivo lugar a negociación da mesa sectorial de universidades, o xerente formaba parte da vicexerencia económica e que os membros da mesa non formularon ningunha restricción que viñese de Madrid, só o feito de como se ía a pagar; e que a xerente se comprometeu a pagar.

Intervén o Prof. Jorge Falagan para dicir que as instrucións da Secretaria de Estado non son vinculantes, que só o é o establecido no Real Decreto 1086/1989 sobre retribucións do profesorado universitario. Que, por outra banda, sostén unha interpretación contraria á defendida polo xerente en orde ao contido da sentenza da Universidade Complutense, xa que a sentenza afirma que a decisión da Complutense de non pagar non era contraria a dereito sempre que se incorporase a coetilla de “pago a conta” dunha futura regulación do Estado.

Intervén novamente o xerente, para concluír que a postura que defende é a máis aconsellable para respectar o principio de legalidade administrativa da que é parte a legalidade orzamentaria. Que considera que na actualidade non existe un dereito obxectivo a esta percepción no actual marco normativo.

Intervén o reitor para defender a postura mantida polo equipo de goberno, a de non incrementar as pagas extras, sinala que a decisión está suficientemente motivada polas explicacións técnicas dadas polo xerente. As instrucións e opinións enviadas polos responsables do Ministerio de Hacienda e as sentenzas dos tribunais de xustiza, sinalan unanimamente que carece de competencia para regular e abonar os diferentes compoñentes do complemento específico. Que cando se fixo o programa electoral as evidencias eran inexistentes e os riscos eran asumibles, xa que só tiña a información do negociado ata o momento: que se abonaron ao persoal docente unhas cantidades a conta do que puidese resultar dunha futura regulación. Pouco logo de tomar posesión como reitor xa non existía a seguridade xurídica de poder facelo, pois comeza a recibirse a notificación das diversas sentenzas. Puxéronse en contacto co Ministerio de Hacienda recibindo o comunicado, ao que fixo referencia anteriormente o xerente, indicando que non se podía pagar. A iso engadíronse os informes xurídicos solicitados, que van na mesma dirección. Destaca o reitor na súa intervención, que non pode adoptar un acordo nin ditar unha resolución que incremente as pagas cando non ten a seguridade xurídica para facelo; que sería unha irresponsabilidade que, para dar cumprimento a unha promesa electoral, se proceda a incumprir a lei e a doutrina subxacente ás resolucións xudiciais. O reitor engadiu que isto non quere dicir que o equipo de goberno non estea traballando para alcanzar a posibilidade de que a estrutura retributiva do persoal docente mellore, pero estes avances tamén se teñen que conseguir a través das mesas de negociación no eido estatal, lugar natural para falar destes temas.

Prosegue o reitor dicindo que na súa opinión o traballo fundamental está en Madrid; que é alí onde se debe reivindicar do Goberno polas vías que sexan procedentes a actualización da estrutura retributiva do persoal docente universitario.

Punto 6. Aprobación, se procede, da proposta de creación do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, a cal di que, de acordo co establecido no Regulamento de constitución de departamentos no seu artigo 2.2 establece os trámites para a creación ou modificación de departamentos:

- Antecedentes e documentación que consta no expediente: a memoria, os profesores que avalan a petición e o acordo do Consello de Departamento que avala a segregación para constituírse en departamento propio.
- Foi aprobado na sesión da COAP de 25 de marzo de 2010.
- Foi aprobado por acordo de Consello de Goberno a fin de continuar a tramitación no Claustro con data de 29 de marzo de 2010.

En consecuencia, solicítase aos membros do Claustro que se aprobe o seguinte:

- Creación do Departamento X-14: Comunicación Audiovisual e Publicidade.

- Cambio de nome do Departamento X-13, que pasa a denominarse Dereito Público Especial.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Rogos e preguntas.

Intervén a Prof^a. Inmaculada Anaya para preguntar pola administración dos posgraos. Sinala que algunhas das medidas que se tomaron son insuficientes; enumera algunhas deficiencias en orde ao proceso de verificación. No entanto, quere deixar constancia do seu agradecemento e felicitación á Prof^a. Elena Alonso, directora da Área de Posgrao, e ao seu equipo polo inxente esforzo despregado para pór en marcha os posgraos. Roga que se arbitren medios para diminuír o exceso de traballo que recae nesa área.

O reitor toma a palabra para contestar que en aras de facilitar os procesos de calidade nos posgraos, a canle procedimental máis adecuada virá coa creación das escolas de posgrao. Agradece a intervención da Prof^a Inmaculada Anaya, xa que o seu rogo fortalece a súa posición de facer as negociacións para a implantación daquela Escola, primeiro co Consejo de Universidades e posteriormente co Ministerio de Educación.

Intervén o Prof. Armando Caballero para facer dous rogos e unha pregunta:

- Pide máis apoio administrativo e económico na xestión dos másteres, así como a simplificación dos trámites. Na súa opinión e na do resto dos directores é excesiva a carga burocrática que implica a súa xestión.
- Pide saber cantos alumnos hai ao principio de cada curso, polo que roga que sexa posible desvincular o inicio de período de matrícula co inicio do máster.

Para rematar, fai referencia a problemas coa sala de videoconferencias na Facultade de Química.

Responde o reitor que, respecto ao primeiro rogo, estanse dando grandes pasos. Que o apoio administrativo solucionárase coa nova organización da RPT que pronto se comezará a negociar. Outro apoio será a creación das escolas de posgrao, que xa se está dando un primeiro paso coas unidades de xestión. Respecto ao segundo rogo, o reitor reconece que é baixa a asignación económica, haberá que discutilo cos orzamentos.

Intervén a Prof^a María José Moure Rodríguez para facer valoracións sobre a falta de criterios uniformes no proceso de avaliación no sistema Bolonia (exames obrigatorios ou suficiencia da avaliación continua); sobre os criterios de elaboración do POD e o funcionamento de Xescampus que, ao seu xuízo, causa inseguridade coa confección das actas; e finaliza a súa intervención facendo unha pregunta relativa ao atraso na convocatoria de produción científica.

Responde o reitor que a convocatoria de produción científica está pendente da aprobación dos criterios por parte do Consello de Goberno; que, respecto dos sistemas de avaliación, hai uns criterios xerais, pero que é un tema ligado á liberdade de cátedra, á elaboración de guías docentes e

ás normas de permanencia. E que, respecto de problemas co funcionamento de Xescampus, debe comunicar a Xerencia e ao seu equipo técnico as dificultades que expoña o programa, que intentarán solucionarlas.

Intervén o Sr. Manuel Silveira para agradecer o mantemento das taxas; tamén manifesta algúns fallos en biblioteca, como o peche da biblioteca de Torrecedeira na data de 12 de xuño; na distribución de grupos de Bolonia; solicita un sistema de bolsas oficiais para que os alumnos poidan acudir ao Centro de Linguas e paliar as deficiencias en idiomas; e en xeral pide un apoio institucional á Escola de Enxeñaría Industrial.

O reitor respóndelle que está en marcha un contrato programa coa Escola de Enxeñaría Industrial.


Intervén a Prof^a María do Carmo Henriques para dar lectura as intervencións que se recollen no **anexos I e II**.


Responde o reitor que fará unha análise das peticións recollidas no seu escrito coa vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións para analizar se proceden ou non as melloras que se demandan non texto.

Intervén o Sr. Federico Fernández para preguntar pola gardería no Campus de Vigo, sobre se hai algún cambio; polo proceso de negociación da RPT e a súa relación coa Disposición adicional IX; e sobre a adecuación do persoal administrativo coa nova Escola de Enxeñaría Industrial.

En relación a gardería do Campus de Vigo, o xerente resposta que se está a tramitar perante o Concello un cambio no plan de usos do chan, que debe ser solucionado antes de dar comezo co proceso de licitación da obra. Con respecto a Disposición adicional novena, continúaase coa negociación. E, en relación ao persoal administrativo da Escola, informa que se está a piques de presentar pola Xerencia a proposta da nova RPT do persoal funcionario dos centros para a súa negociación coa Xunta de Persoal do PAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 horas do día 6 de xullo de 2011, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co v^o. e pr. do Reitor.

O Reitor

 Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral

 M^a Inmaculada Valeije Álvarez